

## ANEXO

Provincia: Ourense.  
 Concello: O Barco de Valdeorras.  
 Localidade: O Barco de Valdeorras.  
 Enderezo: avda. da Estación, nº 2.  
 Código: 32016510.  
 Titular: Concello do Barco de Valdeorras.  
 Denominación: conservatorio profesional de música do Barco de Valdeorras.  
 Postos escolares autorizados: 80 de grao elemental e 180 de grao medio.

*Orde do 30 de agosto de 2006 pola que se convocan axudas ao alumnado que inicie durante o curso 2006-2007 ensinanzas de formación profesional de grao medio en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral. Axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.*

O artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia asígnalle á comunidade autónoma a competencia plena na regulación e na administración da ensinanza en toda a súa extensión, os seus niveis e graos, as súas modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

O Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, tras pasa á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos da Administración do Estado en materia de educación.

Nas conclusións do Consello Europeo de Lisboa de 2000 defínese a aprendizaxe permanente como toda actividade de aprendizaxe útil realizada de xeito continuo con obxecto de mellorar as cualificacións, os coñecementos e as aptitudes. Esta definición desenvólvese posteriormente no Memorandum sobre a aprendizaxe permanente.

O Memorandum pretende, entre as súas finalidades, lograr niveis xerais de educación e cualificación máis altos en todos os sectores, garantir que se ofrezca educación e formación de alta calidade e, ao mesmo tempo, asegurar que os coñecementos e as capacidades dos cidadáns se axusten ás transformacións dos requisitos laborais, á organización dos lugares de traballo e aos métodos de traballo.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través de diversas modalidades formativas. A oferta de formación sostida con fondos públicos ha favorecer a formación ao

longo de toda a vida, acomodándose ás distintas expectativas e situacións persoais e profesionais.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no artigo 39.2º que a formación profesional no sistema educativo, ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poden producirse ao longo da vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercizo dunha cidadanía democrática.

O Plan Galego de Formación Profesional, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 27 de xuño de 2001, recolle un plan específico de promoción de profesións non vocacionais demandadas no mercado de traballo, para favorecer o necesario equilibrio entre os profesionais que precisa o mundo laboral e a cualificación dos traballadores. Trátase de potenciar entre a xuventude aquelas familias profesionais e aqueles ciclos formativos de grao medio das ensinanzas de formación profesional específica que, aínda sendo pouco demandados polo alumnado, contén con perspectivas de inserción laboral e, en consecuencia, faciliten a súa incorporación ao primeiro emprego.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**DISPÓN:**

Artigo 1º.-Bases xerais.

Convócanse axudas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, destinadas ao alumnado que inicia no curso académico 2006-2007, algún ciclo formativo de grao medio ou módulo experimental nos centros que se indican no anexo I.

Artigo 2º.-Persoas beneficiarias.

Poderase beneficiar destas axudas o alumnado que se matricule por primeira vez no curso 2006-2007 nalgún ciclo formativo de grao medio ou módulo experimental dos que se especifican no anexo I e nos centros que se indican.

Queda excluído destas axudas o alumnado que curse o segundo ano do ciclo formativo ou módulo experimental e o alumnado repetidor, así como quen estea matriculado en oferta modular.

Artigo 3º.-Contía das axudas.

A contía das axudas individuais será única e poderá ascender ata un máximo de 450 euros por persoa beneficiaria.

As axudas serán concedidas con cargo ao concepto orzamentario 09.03.322S.480.1 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, por un importe total máximo de 160.015,94 euros.

A percepción destas axudas é compatible coa doutras de carácter xeral con cargo a fondos públicos.

#### Artigo 4º.-Solicitudes.

O alumnado que reúna os requisitos para participar nesta convocatoria presentará a seguinte documentación no centro onde vaia realizar os estudos de formación profesional, sen prexuízo de poder acudir a calquera dos rexistros do artigo 38.4º da Lei 30/1992:

-Solicitud de axuda segundo o modelo que se recolle no anexo II desta orde.

-Fotocopia do DNI.

-Fotocopia compulsada do xustificante de matrícula.

-Anexo III desta orde, relativo á declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes, para o curso 2006-2007, de acordo co establecido nos artigos 8.4º e 15.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5º.-Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días naturais contados desde o día seguinte ao día da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes dirixiranse á secretaría do centro onde o alumnado vaia cursar os estudos de formación profesional.

As secretarías dos centros enviarán a documentación, nos cinco días naturais seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes, á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais (edificio administrativo San Caetano, 15781, Santiago de Compostela).

O alumnado que, excepcionalmente, se matricule con posterioridade ao prazo sinalado disporá de cinco días naturais, contados a partir da data de matrícula no ciclo, para presentar a solicitud na secretaría do centro. En todo caso, a data límite de presentación de solicitudes será o 31 de outubro. Nos cinco días naturais posteriores a esta data, o centro educativo remitirá a documentación deste alumnado á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Artigo 6º.-Comisión de selección.

1. A selección das peticións levarase a efecto por unha comisión integrada polas seguintes persoas:

-O subdirector xeral de Formación Profesional, que actuará como presidente.

-O xefe do servizo de Formación en Empresas e Orientación Profesional.

-O xefe do servizo de Formación Profesional.

-Un inspector ou inspectora de educación designado/a pola Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

-Un director ou directora dun IES que imparta ensinanzas de formación profesional, nomeado pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

-Un funcionario ou funcionaria da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, que se ocupará da secretaría, con voz e sen voto.

Os membros da comisión de selección poderán percibir asistencias, axudas para gastos e de locomoción, para concorrer ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

2. Na concesión das axudas procederase ao rateo entre os beneficiarios da subvención do importe global máximo destinado á axuda.

Artigo 7º.-Adxudicación das axudas.

Vistas as solicitudes presentadas e o crédito dispoñible, a comisión de selección elaborará a proposta de adxudicación das subvencións e enviaralla á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá o que proceda.

Artigo 8º.-Comunicación.

A concesión ou a denegación da axuda será publicada no *Diario Oficial de Galicia*. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 9º.-Aceptación das axudas.

Nos quince días naturais seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, as persoas beneficiarias deberán remitir á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a seguinte documentación:

-Anexo IV desta orde, relativo á aceptación previa da subvención concedida, así como ao compromiso de cumprir os requisitos exixidos na convocatoria e de seguir a avaliación continua ao menos no 70 por cen dos módulos do ciclo formativo durante o curso 2006-2007.

-Certificación bancaria na que consten os datos da entidade e o código da conta na que o beneficiario desexa que se lle faga efectivo o pagamento. Nesta conta o beneficiario debe figurar necesariamente entre os titulares.

De non presentarse a citada documentación no prazo establecido entenderase que o beneficiario renuncia á axuda concedida, polo que se procederá ao arquivo do expediente.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non ditarse resolución expresa no prazo de seis meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

#### Artigo 10º.-Pagamento das axudas.

As axudas efectuaranse nun só pagamento, a través de conta ou cartilla de aforro abertas a nome da persoa beneficiaria.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

#### Artigo 11º.-Perda da axuda.

O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro pola persoa beneficiaria ou solicitante, segundo o disposto no artigo 78.10º do texto da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

A falsidade dos datos ou a falsificación de documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos do solicitante e a correspondente devolución da cantidade total percibida, sen prexuízo doutras responsabilidades ás que houber lugar, logo da apertura do correspondente expediente.

#### Artigo 12º.-Información.

De acordo co establecido no Regulamento (CE) n( 1159/2000 da Comisión, do 30 de maio de 2000

(DO L 130/30, do 31 de maio de 2000), os centros educativos tomarán as medidas oportunas para informar o alumnado de que estas axudas están financiadas nun 65% polo Fondo Social Europeo.

As direccións dos centros educativos arbitrarán as medidas necesarias para que esta orde sexa coñecida por todos os membros da comunidade educativa e para que as persoas beneficiarias cumpran cos requisitos establecidos. Así mesmo, o servizo de inspección educativa asesorará os centros na tramitación desta orde e velará polo seu estrito cumprimento.

#### Artigo 13º.-Adaptación.

Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), xeral de subvencións, e ás do seu desenvolvemento, así como aos artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

#### Artigo 14º.-Facilitación de información.

A persoa beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para desenvolver o disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2006.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO I

Familia profesional	Código do ciclo	Ciclo formativo	Código do centro	Centro
Actividades agrarias	CM01001	Traballos forestais e conservación do medio natural	32014801	IES Cidade de Antioquía
			36019751	IES de Tomiño
	CM01002	Xardinaría	27007260	CFEA de Monforte de Lemos
	CM01003	Explotacións agrarias extensivas	15013254	CFEA de Sergude
			27007260	CFEA de Monforte de Lemos
			27010921	CFEA Pedro Murías
	CM01004	Explotacións agrícolas intensivas	15001033	CFEA de Guísamo
			36007552	IES A Granxa
	CM01005	Explotacións gandeiras	27007260	CFEA de Monforte de Lemos
27010921			CFEA Pedro Murías	
Actividades físicas e deportivas	CM02001	Condución de actividades físico-deportivas no medio natural	15020544	IES de Ortigueira
Actividades marítimo-pesqueiras	CM03003	Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque	15028038	ESCO Náutico-Pesqueira
	CM03004	Pesca e transporte marítimo	15027812	ESCO Oficial Náutico-Pesqueira

Familia profesional	Código do ciclo	Ciclo formativo	Código do centro	Centro
Edificación e obra civil	DM08001	Acabados de construción	27010945	IES Porta da Auga
	M218008	Cubrición de edificios: lousas	32016467	IES Sección de Sobradelo-Carballeda
Electricidade e electrónica	CM09001	Equipos electrónicos de consumo	15032081	IES de Fene
			27013934	IES Perdouro
			36013771	IES Fermín Bouza Brey
			36019232	IES Monte da Vila
			36019529	IES Ribeira do Louro
	CM09002	Equipos e instalacións electrotécnicas	15022620	IES de Curtis
			15023090	IES Macías o Namorado
			15026030	IES Terra de Xallas
			27013326	IES Lois Peña Novo
			27013636	IES María Sarmiento
			27016315	IES de Becerreá
			27016352	IES de Palas de Rei
			32001725	IES Lauro Olmo
			32015037	IES Manuel Chamoso Lamas
	32015876	IES Xermán Ancochea Quevedo		
32016625	IES de Celanova			
DM09001	Equipos electrónicos de consumo	36017430	IES Ricardo Mella	
Fabricación mecánica	CM10001	Soldadura e caldeiraría	15032081	IES de Fene
			36020386	IES Marco do Camballón
	CM10003	Mecanizado	15006754	IES Marqués de Suanzes
			27012036	IES Gregorio Fernández
Hostalaría e turismo	CM11003	Servizos de restaurante e bar	15025682	IES Fraga do Eume
			32016285	IES de Vilamarín
			36020064	IES Carlos Oroza
	DM11003	Servizos de restaurante e bar	36013448	IES Manuel Antonio
Industrias alimentarias	CM13002	Elaboración de viños e outras bebidas	36000481	IES Ramón Cabanillas
			36007552	IES A Granxa
	CM13005	Conserveira vexetal, cárnica e de peixe	27010921	CFEA Pedro Murías
Informática	CM14001	Explotación de sistemas informáticos	15021755	IES Cabo Ortegá
			32016637	IES Cosme López Rodríguez
Mantemento de vehículos autopropulsados	CM16001	Carrozaría	15026406	IES de Ponteceso
			27013636	IES María Sarmiento
			36019244	IES A Sangriña
	CM16002	Electromecánica de vehículos	15021767	IES Castro da Uz
			15022620	IES de Curtis
			15026406	IES de Ponteceso
			15032081	IES de Fene
			27007247	IES Francisco Daviña Rey
			27013636	IES María Sarmiento
			32001725	IES Lauro Olmo
			32015037	IES Manuel Chamoso Lamas
			32015475	IES Abrente
			36002359	IES Antón Losada Diéguez
36019244	IES A Sangriña			
36019256	IES de Vilalonga			
Mantemento e servizos á produción	CM17002	Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas	32013582	IES García-Barbón
Sanidade	CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	32013582	IES García-Barbón
Téxtil, confección e pel	CM21001	Confección	15027216	IES Fernando Esquío
			15027782	IES Nº 1 de Ordes
			15027897	IES Paseo das Pontes

ANEXO II



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**



FONDO SOCIAL EUROPEO

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS AO ALUMNADO QUE INICIE NO CURSO 2006-2007 ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO, EN FAMILIAS PROFESIONAIS NON VOCACIONAIS DEMANDADAS POLO MERCADO LABORAL. AXUDAS COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>ED512A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS PERSOAIS DO/A BENEFICIARIO/A**

APELLIDOS E NOME		DNI	SEXO	DATA NACEMENTO
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)				CÓDIGO POSTAL
LOCALIDADE		PROVINCIA	TELÉFONO	
MINUSVALIDEZ <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		NACIONALIDADE		

**ESTUDOS PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA**

CÓDIGO DO CICLO FORMATIVO	DENOMINACIÓN DO CICLO FORMATIVO	CENTRO EDUCATIVO NO QUE SE REALIZA
ENDEREZO DO CENTRO (RÚA E NÚMERO)		
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA

**ESTUDOS REALIZADOS ANTERIORMENTE**

ESTUDOS REALIZADOS NO CURSO 2005-2006	CENTRO	
EN CASO DE NON ESTUDAR NO CURSO 2005-2006, ÚLTIMOS ESTUDOS REALIZADOS	ANO DE REALIZACIÓN	CENTRO

**DATOS BANCARIOS: CÓDIGO DA CONTA DA/O BENEFICIARIA/O**

ENTIDADE	OFICINA	D.C.	Nº DE CONTA (A/O BENEFICIARIA/O DEBE SER TITULAR DA CONTA)
----------	---------	------	--

Dona/Don \_\_\_\_\_ director/a do centro \_\_\_\_\_

**CERTIFICO:**

que a/o alumna/o \_\_\_\_\_ está matriculada/o no curso 2006-2007 por primeira vez no primeiro ano do ciclo medio de \_\_\_\_\_ correspondente á familia profesional de \_\_\_\_\_, y que os datos que figuran neste impreso foron cotexados cos documentos correspondentes. Así mesmo, a/o alumna/o reúne todos os requisitos establecidos na presente Orde anual de convocatoria.

O/A director/a

Selo

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 30 de agosto de 2006 pola que se convocan axudas ao alumnado que inicie durante o curso 2006-2007 ensinanzas de formación profesional de grao medio en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral. Axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.</i>
SINATURA DA/O SOLICITANTE  _____ de _____ de 200

(Para cubrir polo centro educativo)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

*ANEXO III*

**DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS**

D/Dna. \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_  
e DNI nº \_\_\_\_\_

Tendo presentado unha solicitude de axudas ao abeiro da Orde do \_\_\_\_\_, pola que se convocan axudas ao alumnado que inicie durante o curso 2006-2007 ensinanzas de formación profesional de grao medio, en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral, axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que solicitou ou obtivo as seguintes axudas de calquera Administración ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades en relación co proxecto obxecto desta solicitude:

	<i>ORGANISMO</i>	<i>DATA SOLICITUDE/RESOLUCIÓN</i>	<i>DISPOSICIÓN REGULADORA</i>
<i>AXUDAS SOLICITADAS</i>			
<i>AXUDAS CONCEDIDAS</i>			

Que non solicitou ningunha axuda para a realización de estudos de formación profesional de grao medio.

E, para que así conste, asina a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

*ANEXO IV*

D/Dna. \_\_\_\_\_ alumno/a do centro educativo \_\_\_\_\_, con NIF nº \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_ localidade \_\_\_\_\_ código postal \_\_\_\_\_ concello \_\_\_\_\_ provincia \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_

**MANIFESTA**

que acepta a subvención concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao abeiro da Orde anual de convocatoria de axudas ao alumnado que inicie durante o curso 2006-2007 ensinanzas de formación profesional de grao medio, en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral, axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e comprométese a cumprir todos os requisitos que nela se especifican, así como a seguir a avaliación continua polo menos no 70 por cen dos módulos do ciclo formativo durante o curso 2006-2007.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_